



CONCELLO DE CEE

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN TRABALLADOR/A SOCIAL 2019.

ACTA III: ALEGACIONES ÁS PUNTUACIONES E LISTAS PROVISIONAIS DE SELECCIONADOS E RESERVAS.

En Cee, a 24 de decembro de 2019.

Reunidos no 2º andar do Concello de Cee ás 11:00 horas os seguintes membros do Tribunal cualificador:

Presidente	Francisco Javier Landeira Rial
Secretario	Juan Carlos Santabaya Louzán
1º Vogal	Manuel Pueyo Varela
2º Vogal	Manuel Calo Canosa

Este constitúese para proceder á revisión das alegacións presentadas ás puntuacións das fases de baremación e concurso e as listas provisionais de candidatos propostos e reservas.

Segundo informe do rexistro de data 24/12/2019 e nº rexistro entrada 4143 preséntanse as seguintes alegacións:

1-. Con data 10/12/2019 e Nº Registro: 201999900000449, Dna. Diana Rodríguez Rama presenta escrito que se adxunta a esta acta no que indica:

Que o martes día 10 de decembro, publícase na páxina oficial do concello a proposta de candidatos/as seleccionados/as e lista de reservas, así como a puntuación obtida en cada unha das fases do concurso – oposición do proceso selectivo para a contratación temporal dun traballador/a social 2019, en virtude das bases publicadas no BOP nº 215 (martes 12 de novembro de 2019).

SOLICITA

Solicito, como aspirante a dito proceso, e en virtude das puntuacións acadadas nas distintas fases do proceso, que se teñan en conta os méritos alegados, e para iso volvo a remitir e presentar a documentación que acredita dita experiencia para que se puntúe seguindo os baremos establecidos nas bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia. Para iso, achego coa solicitude o certificado de vida laboral e os certificados e contratos asinados coas administracións e entidades privadas coas que asinei unha relación laboral.

Achega, xunto coa solicitude presentada, os seguintes documentos: Informe de Vida Laboral, contrato Ullasar, contrato Hartford, contrato Fasponte, certificado Consorcio Galego, - contrato Hartford, s.l.

Consideracións:

1-. A candidata con data 25/11/2019 e Nº Registro: 201999900000429 aporta solicitude de participación no proceso selectivo, á que adxunta a documentación a valorar na fase de concurso. **Na documentación incorporada coa solicitude non consta vida laboral.**

2-. O artigo SEXTO.–Presentación de instancias, no punto b) relativo á documentación a aportar voluntariamente establecen que:

A presentación de documentación acreditativa dos aspectos a valorar na fase de concurso é voluntaria por parte do aspirante. **En todo caso, non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, no último día do prazo de presentación da instancias.**



CONCELLO DE CEE

3-. O artigo *NOVENO*.– *Probas selectivas e sistema de cualificación no punto A)*
Experiencia profesional establece

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado da empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo. **A non presentación de ámbolos documentos (vida laboral+ certificado de empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado.**

En consecuencia, visto que entre a documentación aportada por Dna. Diana Rodríguez Rama, dentro do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo, **non consta informe de vida laboral**, e que non procede a admisión e valoración do mesmo fora de dito prazo o tribunal acorda manter a puntuación outorgada inicialmente (0 pts) no apartado.

Levántase a sesión sendo as 11:30 horas do 24 de decembro de 2019.

Asinan a presente acta os membros do tribunal:

Secretario

Presidente

Vogais